



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Microeconomía II

Materia	Microeconomía II			
Código	V03G100V01404			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas			
Coordinador/a	Castro Rodríguez, Fidel			
Profesorado	Castro Rodríguez, Fidel Lorenzo Alonso, Pedro			
Correo-e	fcastro@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Esta materia impártese no segundo cuadrimestre do segundo curso do grao en Economía e xunto coa materia Microeconomía I, impartida no primeiro cuadrimestre, configura un curso completo de microeconomía intermedia. Estas dúas materias desenvolven máis formalmente os contidos presentados na materia Principios de Economía I, co obxectivo de familiarizar os estudantes co método da análise económica, en particular, co proceso de "modelización" dos problemas económicos. O obxectivo concreto é analizar detalladamente o comportamento individual dos axentes económicos e o funcionamento dos mercados nos que interactúan, tanto nun contexto de competencia perfecta (Microeconomía I), como nun contexto de competencia imperfecta (Microeconomía II). A análise se realizará, en primeiro lugar, dende unha perspectiva de equilibrio parcial (Microeconomía I), para logo abordar a análise dende unha perspectiva de equilibrio xeral (Microeconomía II).			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Exercitar habilidades de aprendizaxe autónoma que abran campos para a innovación
B4	Autocontrol no sistema de traballo, a respecto de tempo e planificación
B6	Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos
B7	Fomentar o espírito investigador, desenvolvendo a capacidade para analizar problemas novos cos instrumentos adquiridos
C2	Comprender a linguaxe económica básica e o modo de pensar dos economistas
C5	Comprender as bases de funcionamento da economía, tanto nos ámbitos máis amplos como nos máis próximos
C6	Adquirir coñecementos de Análise económica
C7	Comprender o entorno empresarial
C10	Capacidade de formular modelos simples de relación das variables económicas, baseados na utilización de instrumentos técnicos
D1	Respecto aos valores éticos e cívicos. Compromiso ético co traballo
D2	Capacidade de traballar en equipo
D4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas

<b>Resultados de aprendizaxe</b>				
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Lograr que os estudantes sexan capaces de abordar preguntas económicas construíndo modelos económicos simples.	A1	B3	C2	
	A2	B4	C5	
2. Desenvolver nos estudantes a capacidade para analizar de forma rigorosa os efectos de cambios na contorna económica sobre o comportamento dos axentes e a súa consecuenta repercusión nos mercados.	A3	B6	C6	
	A4	B7	C7	
	A5	C10		
3. Lograr que sexan capaces de formarse unha opinión fundamentada sobre calquera problema económico. En particular, lograr que sexan capaces de avaliar a eficacia de calquera instrumento de política *microeconómica que se introduza nun mercado, en canto á consecución dos obxectivos para os cales devandito instrumento se expuxese.	A2	B3	C10	D5
	A3	B6		
	A4			
4. A consecución da competencia anterior capacitará aos estudantes para realizar informes de asesoramento económico.				
5. Potenciar a habilidade de expresar e defender argumentos en público de forma coherente e fundamentada.				
6. Fomentar a capacidade de traballar en grupo e de actuar con responsabilidade e principios éticos, cumprindo os compromisos adquiridos.				D1
				D2
				D4
				D7

**Contidos**

Tema	
PARTE I: EQUILIBRIO XERAL	<p>TEMA 1: EQUILIBRIO XERAL CON INTERCAMBIO Caixa de Edgeworth. Curva de contrato. Lei de Walras. Teoremas fundamentais do benestar</p> <p>TEMA 2: EQUILIBRIO XERAL CON PRODUCCIÓN Economía de Robinson Crusoe. Fronteira de posibilidades de produción. Teoremas fundamentais do benestar</p> <p>TEMA 3: ECONOMÍA DO BENESTAR Agregación de preferencias. Teorema de imposibilidade de Arrow. Funcións sociais de benestar</p>
PARTE II: FALLOS DE MERCADO	<p>TEMA 4: EXTERNALIDADES Externalidades positivas e negativas. Teorema de Coase. Traxedia dos bens comunais</p> <p>TEMA 5: BENS PÚBLICOS Provisión privada de ben público. Provisión eficiente dun ben público. O problema do polisón.</p> <p>TEMA 6: INFORMACIÓN ASIMÉTRICA Selección adversa. Risco moral. Sinalización</p> <p>TEMA 7: PODER DE MERCADO Monopolio. Perda irrecuperable de eficiencia. Monopolio natural. Discriminación de prezos.</p>

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	42	84	126
Resolución de problemas de forma autónoma	22.5	33.75	56.25
Titoría en grupo	7.5	11.25	18.75
Exame de preguntas obxectivas	3	6	9
Probas de resposta curta	2.5	5	7.5
Resolución de problemas	2.5	5	7.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Lección maxistral	<p>Consistirá no desenvolvemento de clases presenciais (teóricas, prácticas e titorías en grupo). Nas clases teóricas exporase de forma reducida os principais contidos dos distintos temas, desenvolvendo con máis detalle os puntos de maior complexidade.</p> <p>Nas clases prácticas resolveranse exercicios e se incentivará o traballo persoal do alumno para consolidar os coñecementos e adquirir soltura na resolución dos problemas plantexados.</p> <p>Para un adecuado seguemento e comprensión das clases é conveniente que os alumnos lean con antelación a bibliografía básica recomendada para cada un dos temas.</p>

Resolución de problemas de forma autónoma	As clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios que se proporcionarán aos alumnos con antelación para que os resolvan antes da clase. Deste xeito, poderán identificar aquelas cuestións que lles resulten máis dificultosas e poderán resolver as súas dudas na clase. Tamén se realizará o seguimento da aprendizaxe dos estudantes mediante pequenas probas e exercicios que terán que entregar.
Titoría en grupo	Nos seminarios en grupos se realizarán diversas actividades dirixidas a afianzar os coñecementos adquiridos polos alumnos nas clases teóricas e prácticas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Sesións adicadas a facilitar o entendemento do contido das clases maxistras e conseguir que os alumnos podan resolver de forma individual e autónoma as follas de exercicios entregadas.
Resolución de problemas de forma autónoma	Sesións adicadas a facilitar o entendemento do contido das clases maxistras e conseguir que os alumnos podan resolver de forma individual e autónoma as follas de exercicios entregadas.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas de forma autónoma	Algunas das clases prácticas consistirán na resolución de follas de exercicios que se proporcionarán aos alumnos con antelación. A entrega dalgúns exercicios con anterioridade a clase práctica formará parte da avaliación continua, pero só se computará se o alumno asiste a lo menos ao 80% das clases prácticas.	5	A1 B3 C10 D5 A2 B4 A3 B6 A5
Exame de preguntas obxectivas	Nalgunhas das clases prácticas se resolverán probas tipo test ou pequenos problemas que formarán parte da avaliación continua da materia.	35	A1 C2 D5 A2 C5 A3 C6 C7 C10
Probas de resposta curta	O exame final da materia suporá o 60% da cualificación final e estará integrado por preguntas curtas (relativas a contidos teóricos e prácticos) e problemas. As preguntas curtas suporán aproximadamente o 50% da puntuación do exame.	30	A1 B3 C2 D1 A2 B4 C5 D2 A3 B6 C6 D4 A4 B7 C7 D5 A5 C10 D7
Resolución de problemas	O exame final da materia suporá o 60% da cualificación final e estará integrado por preguntas curtas (relativas a contidos teóricos e prácticos) e problemas. Os problemas suporán aproximadamente o 50% da puntuación do exame.	30	A1 B3 C2 D1 A2 B4 C5 D2 A3 B6 C6 D4 A4 B7 C7 D5 A5 C10 D7

### Outros comentarios sobre a Avaliación

En todas as convocatorias, a nota final da materia resultará da suma da nota obtida na **avaliación continua**, que supoñerá un 40% da nota final (ata 4 puntos), e a nota obtida nun **exame escrito**, que valerá o 60% restante da nota final (ata 6 puntos).

#### Avaliación continua (ata 4 puntos):

O 40% da nota obterase mediante a avaliación continua do alumno, o que inclúe a entrega de exercicios ou cuestións e a nota dos pequenos controis que se farán periodicamente. Concretamente a puntuación será a seguinte:

- **Ata 0,5 puntos** pola entrega de follas de problemas ou cuestión, sempre que o alumno asista a lo menos ao 80% das clases prácticas.

- **Ata 3,5 puntos** polas notas dos controis periódicos.

#### Exame escrito (hasta 6 puntos):

Realizarase un exame parcial co contido teórico e práctico dos primeiros 3 temas da materia e un exame final que terá lugar na data oficial establecida no calendario de exames.

Os alumnos que superen o exame parcial (obtendo unha cualificación igual ou superior a 3 dos 6 puntos do exame) só terán que examinarse no exame final da parte correspondente aos temas 4 a 7. Os alumnos que non superen o exame parcial terán que examinarse de toda a materia no exame final.

O exame final constará de 2 partes (a primeira corresponderá cos temas 1 a 3 e a segunda cos temas 4 a 7), cada unha das cales se valorará sobre 6. A nota do exame obterase como a media aritmética simple das cualificacións obtidas en cada unha das partes. Non obstante, a puntuación do exame só se terá en conta cando sexa igual ou superior a 3.

**CUALIFICACIÓN FINAL:** En todas as convocatorias, a nota final da materia resulta da suma da cualificación por avaliación continua máis a cualificación do exame, sempre que esta última sexa igual ou superior a 3; se a nota do exame é inferior a 3, a cualificación final será igual á puntuación obtida por avaliación continua. Así mesmo, a cualificación dos alumnos que non se presenten ao exame final será a cualificación que obtivesen por avaliación continua.

Para aprobar a materia será preciso obter unha nota final (avaliación continua + exame) igual ou superior a 5 puntos.

A nota de avaliación continua será utilizada en tódalas convocatorias do curso.

En caso de non aprobar, o alumno deberá examinarse de ambas partes no exame de xullo con independencia de que en exames previos tivera aprobado algunha das partes.

Os exames oficiais celebraránse nas datas sinaladas no calendario oficial de exames aprobado pola Xunta de Facultade e que estará dispoñible na páxina web oficial da Facultade.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Carrasco, A. et al., **Microeconomía Intermedia**, 1ª Edición Revisada, McGraw Hill Ed., 2013

Pindyck, R. S. y Rubinfeld, D. L., **Microeconomía**, 9ª Edición, Pearson, 2018

Varian, H. R., **Microeconomía Intermedia. Un enfoque actual.**, 9ª Edición, Antoni Bosch, 2015

#### **Bibliografía Complementaria**

Estrin, S. y D. Laidler, **Microeconomía**, 4ª Edición, Prentice Hall, 1995

Gracia, E. y R. Pérez, **Cuestiones tipo test de Microeconomía Intermedia**, Pearson Education, 2004

Nicholson, W., **Teoría Microeconómica. Principios Básicos y Aplicaciones.**, 11ª Edición, Thomson, 2015

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Economía industrial/V03G100V01603

Economía da información/V03G100V01917

Fundamentos económicos da defensa da competencia/V03G100V01918

Microeconomía avanzada/V03G100V01915

Teoría de xogos/V03G100V01916

---

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Economía: Principios de economía I/V03G100V01102

Microeconomía I/V03G100V01304

---